

# Recursos Rurais

revista do IBADER



# Recursos Rurais

Revista do Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvimento Rural (IBADER)

## Redacción e Administración

IBADER (Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvimento Rural) - Universidade de Santiago de Compostela. Campus Universitario s/n. E-27002 Lugo - Galicia (Spain). Teléfono 982 824 500

## Equipa Editorial:

O equipo editorial de Recursos Rurais, está conformado por un Comité Editorial y un Comité Científico Asesor.

## Comité Editorial:

### Dirección

Dr. Pablo Ramil Rego  
Inst. Biodiversidade  
Agraria e Desenvolvimento Rural  
Universidade de Santiago de Compostela

### Subdirección

Dra. Elvira López Mosquera  
Inst. Biodiversidade  
Agraria e Desenvolvimento Rural  
Universidade de Santiago de Compostela

### Secretaría

Dr. Antonio Iglesias Becerra  
Inst. Biodiversidade  
Agraria e Desenvolvimento Rural  
Universidade de Santiago de Compostela

### Membros

Dra. María Jesús Aira Rodríguez (Univ. De Santiago de Compostela, Spain) - Dra. Isabel Blanco Penedo (Univ. de Lleida) - Dr. Christian Buson (Institut de l'Environnement Liffrière, France) - Dra. Dalila Espírito Santo (Instituto Superior de Agronomía, Univ. Técnica de Lisboa, Portugal) - Dra. María Luisa Fernández Marcos (Univ. de Santiago de Compostela, Spain) - Dr. Carlos Fernández Rodríguez (Univ. de León, Spain) - Dr. Luis Gómez-Orellana (Univ. de Santiago de Compostela, Spain) - Dra. Helena Granja (Univ. do Minho, Portugal) - Dra. María Jesús Iglesias Briones (Univ. de Vigo, Spain) - Dra. María José Iriarte Chiapusso (Univ. del País Vasco, Spain) - Dr. Knut Kryzywinski (Univ. of Bergen, Noruega) - Dr. David Miranda Barrós (Univ. de Santiago de Compostela, Spain) - Dr. Castor Muñoz Sobrino (Univ. de Vigo, Spain) - Dr. Juan Ramón Piñeiro Chousa (Univ. de Santiago de Compostela, Spain) - Dr. Antonio Rigueiro Rodríguez (Univ. de Santiago de Compostela, Spain) - Dra. Patricia M. Rodríguez-González (Univ. de Lisboa, Portugal)

## Comité Científico Asesor:

Dra. Marta Elena Alonso de la Varga (Dpto. de Producción Animal Universidad de León) - Dra. Maruxa Álvarez Jiménez (Dpto. de Ecoloxía e Bioloxía Animal, Univ. de Vigo) - Dr. Jesús Cantalapiedra Álvarez (ConSELLERIA do Medio Rural, Xunta de Galicia, Spain) - Dr. Emilio Chuvieco Salinero (Dpto. de Geografía, Univ. de Alcalá de Henares, Spain) - Dra. Elvira Diaz Vizcaíno (Dept. de Botánica, Univ. de Santiago de Compostela, Spain) - Dr. Eduardo Luis Farina (Facultad de Agronomía, UNICEN, Argentina) - Dr. Erwan Glemarec (Laboratoire Géoarchitecture, Univ. de Bretagne Occidentale, France) - Dra. Ángeles López Cabarcos (Dpto. de Organización de Empresas e Comercialización, Univ. de Santiago de Compostela, Spain) - Dr. Manuel Madeira (Instituto Superior de Agronomía, Univ. Técnica de Lisboa, Portugal) - Dra. Paz Ondina Navarret (Dpto. de Zooloxía, Xenética e Antropoloxía Física, Univ. de Santiago de Compostela, Spain) - Dr. Joaquim Orlando Lima Cerqueira (Escola Superior Agrária, Instituto Politécnico de Viana do Castelo, Portugal) - Dra. Rita Payan Carreira (Dpto. de Medicina Veterinaria, Univ. de Évora, Portugal) - Dr. José Pedro Pinto de Araújo (Escola Superior Agrária, Instituto Politécnico de Viana do Castelo, Portugal) - Dr. Diego Rivera Núñez (Dpto. de Botánica, Univ. de Murcia, Spain) - Dra. Ángeles Romero Rodríguez (Dpto. de Química Analítica, Nutrición e Bromatoloxía, Univ. de Santiago de Compostela, Spain) - Dra. Elvira Sahuillo Valbuena (Dpto. de Bioloxía, Univ. de A Coruña, Spain) - Dr. João Tereso (CIBIO, Centro de Investigação em Biodiversidade e Recursos Genéticos, Univ. do Porto, Portugal) - Dr. Márcio Vargas Ramella (Dpto. de Engenharia de Pesca e Ciências Biológicas Ceres, Univ. do Estado de Santa Catarina, Brasil)

## Copyright

O envío dun manuscrito implica: que o traballo non foi publicado con anterioridade, excepto como resumo ou como parte dun libro, revista ou tese doutoral; que non se está considerando a súa publicación noutro medio; que todos os autores e se for preciso as autoridades do centro onde desenvolven o seu traballo, aceptan a súa publicación. Cando o manuscrito sexa aceptado para a súa publicación, os autores aceptan ceder automaticamente todos os dereitos de explotación do seu artigo á Recursos Rurais - Universidade de Santiago de Compostela, que, coas condicións e limitacións dispostas pola lexislación en materia de propiedade intelectual, é a titular do copyright.

Salvo indicación contraria, todos os contidos distribúense baixo unha licenza internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Calquera forma de reproducción, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-ND 4.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón:  
<https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>

**Recursos Rurais** non se responsabiliza da opinión nin dos contidos dos artigos.

## Suscripción e Intercambios

Servizo de Publicacións e Intercambio Científico. Universidade de Santiago de Compostela, Campus Vida, E-15782 Santiago de Compostela. Tel 981 593 500

## Envío de manuscritos

<https://revistas.usc.gal/index.php/rr>  
info@ibader.gal  
recursos.rurais@ibader.gal

## Edición Electrónica

Unha edición electrónica desta revista está disponibel en <http://www.ibader.gal> e en <http://www.usc.es/revistas/index.php/rr>

## Sumario electrónico

<http://www.usc.es/spubl/revistas.htm>

## Edita

Servizo de Publicacións  
Universidade de Santiago de Compostela

## Deseño da cuberta e Maquetación

L. Gómez-Orellana

## Fotografía da cuberta

Lagoa de Cospeito. Fotografía de Dron

## Depósito Legal C-3.048-2005

ISSN 1885-5547

e-ISSN 2255-5994

© IBADER - USC



# Recursos Rurais

Revista do Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvimento Rural (IBADER)

número 19 dezembro 2023 e-ISSN 2255-5994

2023  
Servizo de Publicacións e Intercambio Científico  
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

# Recursos Rurais

Revista do Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvimento Rural (IBADER)

## Temática e alcance

O Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvimento Rural (IBADER) é un instituto mixto universitario, situado na cidade de Lugo e conformado pola Universidade de Santiago de Compostela, as Consellerías da Xunta de Galicia con competencias en Medio Ambiente e Medio Rural e a Deputación de Lugo.

Unha das actividades do IBADER é a publicación e difusión de información científica e técnica sobre o medio rural desde unha perspectiva pluridisciplinar. Con este obxectivo públicase a revista Recursos Rurais orientada a fortalecer as sinerxías entre colectivos vinculados ao I+D+I no ámbito da conservación e xestión da Biodiversidade e do Medio Ambiente nos espacios rurais e nas áreas protexidas, os Sistemas de Producción Agrícola, Gandeira, Forestal e a Planificación do Territorio, tendentes a propiciar o Desenvolvemento Sostible dos recursos naturais.

A Revista Recursos Rurais aceptará para a súa revisión artigos, revisións e notas vinculados á investigación e desenvolvemento tecnolóxico no ámbito da conservación e xestión da biodiversidade e do medio ambiente, dos sistemas de producción agrícola, gandeira, forestal e referidos á planificación do territorio, tendentes a propiciar o desenvolvemento sostible dos recursos naturais do espazo rural.

## Política de revisión

Recursos Rurais publica artigos, revisións, notas de investigación e reseñas bibliográficas. Os traballos presentados a Recursos Rurais serán sometidos á avaliación confidencial de dous expertos anónimos designados polo Comité Editorial, que poderá considerar tamén a elección de revisores suxeridos polo propio autor. Nos casos de discrepancia recorreranse á intervención dun terceiro avaliador. Finalmente corresponderá ao Comité Editorial a decisión sobre a aceptación do traballo. Caso dos avaliadores proponeren modificacións na redacción do orixinal, será de responsabilidade do equipo editorial -unha vez informado o autor- o seguimento do proceso de reelaboración do traballo. Caso de non ser aceptado para a súa edición, o orixinal será devolto ao seu autor, xunto cos ditames emitidos polos avaliadores. En calquera caso, os orixinais que non se suxeiten ás seguintes normas técnicas serán devoltos aos seus autores para a súa corrección, antes do seu envío aos avaliadores

A revista Recursos Rurais atópase incluída na publicación dixital Unerevistas da UNE (Unión de Editoriales Universitarias Españolas) e na actualidade inclúese nas seguintes bases de datos especializadas: CIRBIC, Dialnet, ICYT (CSISC), Latindex, Rebiun, REDIB, ResearchGate, BNE e AGRIS.

IBADER  
Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvimento Rural  
Universidade de Santiago de Compostela  
Campus Universitario s/n  
E 27002 Lugo, Galicia (España)

Tfno 982 824500  
Fax 982 824501

<http://www.ibader.gal>  
info@ibader.gal - recursos.rurais@ibader.gal

**Recursos Rurais**  
**número 19 · decembro 2023**

Sumario/Summary

Artigos orixinais:

Jamilou Salissou, I. · Ibrahim Doka, D. · Paradelo Núñez, R. · Baradje, M. · Harouna Maidoukia, A.R. · Addam Kiari, S. · Mahamane, S. · Mohamadou, Y. · Youchaou, A.L.: **Impact des fumures organiques sur les rendements de la tomate et sur la densité des champignons à mycorhizes arbusculaires dans la zone de Saguiya (Niger) 5**  
*Impact of organic manures on tomato yield and density of arbuscular mycorrhizal fungi in the Saguiya area (Niger)*

de Luaces, A. · Schröder, K.:  
**Razones y pasiones: revisión crítica sobre la eucaliptización en España 15**  
*Reasons and passions: critical review of the eucalyptization process in Spain*

Rangel, R. · López, J. · Gómez, A. · Perdomo, L.:  
**Floristic and structural characterization of forest communities in different physiographic units, El Dorado - Tumeremo, Bolívar – Venezuela 55**  
*Caracterización florística y estructural de comunidades de bosques en diferentes unidades fisiográficas, El Dorado - Tumeremo, Bolívar – Venezuela*

Alonso Iglesias, P. · Martínez Lago, D. · Hevia Barcón, M.:  
**Actualización do censo de lobos do norte de Galicia. Valoración crítica sobre metodología e resultados do censo da Xunta de Galicia de 2021-2022 67**  
*Update of the wolf census of northern Galicia. Critical assessment of methodology and results of the 2021-2022 Xunta de Galicia census*

Belver, L. · Camiña, M. · Santos, D. · Cantalapiedra, J.:  
**Las inspecciones administrativas en materia de protección animal en las explotaciones ganaderas 83**  
*Administrative inspections regarding animal protection*

**Artigo**

**Pedro Alonso Iglesias<sup>ID</sup> · David Martínez Lago<sup>ID</sup> · Miguel Hevia Barcón<sup>ID</sup>**

# Actualización do censo de lobos do norte de Galicia. Valoración crítica sobre metodoloxía e resultados do censo da Xunta de Galicia de 2021-2022

Recibido: 21 xuño 2023 / Aceptado: 17 novembro 2023  
© IBADER- Universidade de Santiago de Compostela 2023

**Resumo** O presente artigo presenta os resultados obtidos nunha nova estima dos grupos reproductores de lobo presentes no norte de Galicia. O traballo de campo foi efectuado os anos 2021 e 2022, de maneira que se actualiza o censo que se abordara en anos anteriores (2019 e 2020). Os resultados obtidos compáranse cos contidos no resumo do censo oficial do lobo presentado pola Xunta de Galicia e relativo aos anos 2021-2022. A análise dos resultados do censo oficial e a súa comparativa cos obtidos no presente traballo confirman unha subestima no primeiro de entre un 27.7 e un 43.4 % dos grupos reproductores existentes nos case 3000 km<sup>2</sup> da área de estudio. Finalmente, preséntase unha valoración crítica da metodoloxía aplicada no censo oficial, que explicaría as deficiencias observadas nos resultados.

**Palabras clave** *Canis lupus*, tendencia da poboación, esforzo de mostraxe, limitacións do censo oficial, zonas humanizadas

**Update of the wolf census of northern Galicia. Critical assessment of methodology and results of the 2021-2022 Xunta de Galicia census**

**Abstract** This article presents the findings from a recent study that aimed to estimate the number of wolf reproductive packs in northern Galicia. Fieldwork was conducted in 2021

---

Pedro Alonso Iglesias  
Biólogo. Tomiño (Pontevedra)  
Email: pedroai@msn.com

David Martínez Lago  
Naturalista. Covas, Ferrol (A Coruña)

Miguel Hevia Barcón  
Naturalista. Cariño (A Coruña)

<https://doi.org/10.15304/rr.id9564>



and 2022, updating the census data from prior years (2019 and 2020). These results are then compared to the official wolf census summary provided by the Xunta de Galicia, which covers the years 2021-2022. Analysis of the current study highlights a significant underestimation in the official census results, ranging from 27.7% to 43.4%, in the number of reproductive wolf packs within the approximately 3000 km<sup>2</sup> study area. The article provides a critical evaluation of the methodology used in the official census, shedding light on the deficiencies observed in the results.

**Key words** *Canis lupus*, population trend, sampling effort, official census limitations, human-dominated landscapes

## Introducción

Abordar a xestión dunha especie conflitiva social e economicamente como é o lobo precisa manexar unha información rigorosa e detallada sobre efectivos demográficos e evolución temporal dos mesmos. A metodoloxía dos censos desta especie efectuados na maior parte do suroeste de Europa presenta varias limitacións de difícil abordaxe, sendo as principais a presenza da especie en zonas densamente poboadas polo ser humano, o que provoca un comportamento elusivo e principalmente nocturno (Boitani 1987; Petrucci-Fonseca 1990; Vilá 1993), e a ausencia de períodos prolongados de innivación, o que impide incorporar os seguimentos de rastros en neve a dita metodoloxía (Blanco & Cortés 2012). Limitacións ás que habería que engadir outras de carácter circunstancial pero de complexo tratamento, como é o escaso uso do radio-seguimento na monitorización das poboacións de especies ameazadas ou que precisan, como é este caso, unha avaliación periódica de efectivos - nos últimos anos téñense producido avances significativos pero o recurso a este método segue a ser inferior ao nivel de uso doutros estados da contorna europea -. De aí que algúns investigadores conclúisen que "as diferenzas en obxectivos e recursos dispoñíbeis determinan en grande medida a metodoloxía a seguir" (Blanco & Cortés 2002).

A influencia que no orzamento e no gasto público das diferentes administracións poden ter as crises materializouse, no caso da iniciada en 2008 e para o Estado Español e Galicia en particular, na práctica dun modelo de austeridade que limitaba, recortaba e controlaba cada partida de gasto público. É nese contexto que se podería entender que un censo de ámbito galego, a priori accesíbel para un equipo compacto e homoxéneo de profesionais, se execute, seguindo criterios políticos, maximizando o aforro económico e incorporando persoal de mostraxe sen a debida cualificación. Os resultados do censo de 2013-2015, ao que se incorporou ao tratamento de datos un criterio probabilístico que interpretaba as informacións obtidas na mostraxe efectuada por un equipo heteroxéneo, foron cuestionados nun recente artigo (Alonso et al. 2021).

O obxectivo deste traballo é a actualización do censo efectuado no norte de Galicia por Alonso et al. 2021 e, ao tempo, contrastar os seus resultados co novo censo abordado pola Xunta de Galicia en 2021-22. A finalidade dese contraste é demostrar como o emprego de equipos heteroxéneos desvirtúa a metodoloxía de mostraxe e o posterior tratamiento da información, ainda que este sexa múltiple e pretenda reforzarse co uso de abordaxes probabilísticas e bayesianas (Jiménez et al. 2016; Xunta de Galicia 2022).

## **Material e métodos**

### **Área de estudio**

A área de estudio da presente estima demográfica é a mesma que a descrita en Alonso et al. (2021). Sería a superficie que viría definida por unha liña que partindo da localidade de Ribadeo cara a da Pontenova viraría cara o oeste, unindo Abadín, Vilalba e Monfero, para ascender cara a península da Capelada, delimitando unha superficie duns 2900 km<sup>2</sup> desde máis ao sur das nacentes dos ríos Mera, Sor, Landro, Eume, Ouro e Masma cara o mar e co Eo como límite cara o leste. Na figura 1 refílcense os límites da área de estudio. Para a descriptiva dos distintos aspectos que poderían condicionar a presenza e distribución de *Canis lupus* e das súas potenciais presas (climáticos, orográficos, hidrográficos, ecolóxicos, de vexetación e poboamento humano), pódese ver Alonso et al. (2021). Como factor fundamental para a interpretación dos indicadores demográficos da especie debe destacarse a presenza e abundancia de greas de bestas *Equus caballus* en toda a área de estudio, se ben con densidades variábeis, recoñecéndose áreas de grande abundancia e outras nas que se rexistran tendencias moi agudizadas de redución do número de greas e propietarios. Para un maior detalle e coñecemento deste factor ver Fagández et al (2021).

### **Metodoloxía da actualización do censo**

No referido á actualización da estima demográfica da especie na área de estudio, partindo do coñecemento previo

dos territorios localizados e as áreas de reproducción confirmadas, desenvolveuse un traballo de campo consistente na procura, localización e seguimento de rastros e indicios de presenza ao longo de itinerarios pre establecidos, abordando nas áreas nas que se rexistrou unha maior frecuencia de paso a realización de estacións de observación e de escoita (neste último caso, asegurando que en todo momento se efectuasen nas circunstancias de maior seguridade para os lobos, a altas horas da madrugada e a distancias superiores a 2 km de núcleos de poboación). No ano 2021 aplicáronse técnicas de trameo vídeo-fotográfico na maior parte da área de estudio, mentres que en 2022, a realización de seguimentos vídeo-fotográficos en áreas de propiedade das empresas explotadoras de parques eólicos e montes comunais permitiu a instalación deste tipo de cámaras en determinadas áreas próximas ás zonas de reproducción de distintos grupos familiares.

### **Esforzo de campo e rendimento**

Para a expresión e cuantificación do esforzo realizado no traballo de campo en 2021 e 2022, seguiríonse os mesmos criterios que os descritos en Alonso et al (2021). En 2021 realizouse maior esforzo de trameo video-fotográfico (TVF) que en 2022 (1685 cámaras-noite en 2021 fronte 791 en 2022). Neste último ano instaláronse cámaras só en predios privados, apartados de camiños e pistas, preto das áreas más frequentadas pola especie. Por contra, desenvolveuse moito más esforzo en estacións de observación e de escoita (ver táboa 1).

### **Diferenciación de unidades familiares e información determinante de reproducción**

Para evitar cómputos duplos ou a infravaloración do número real de grupos existentes, seguiríonse os criterios expostos en Alonso et al. (2021), que se concretan no Cadro 1 e nas figuras 1 a 5. A información sobre reproducción adscribiuse a dúas clases: cría confirmada (CC, presenza de femia preñada, femia parida ou cachorros) e cría probábel (CP, presenza de parella como mínimo). Para maior detalle sobre a tipificación da información, ver en Alonso et al (2021). Un recente traballo sinala tamén a utilidade dos trazos físicos na diferenciación de exemplares de lobo (Jiménez et al. 2023).

### **Análise e contraste co censo oficial de 2021-22**

Para a comparativa dos resultados obtidos na estima abordada por nós na área de estudio descrita e os do censo oficial de 2021-2022, partiuse da información que sobre distribución xeográfica de grupos potenciais e confirmados proporcionou o resumo publicado en Xunta de Galicia (2022) e do conxunto de localizacións de grupos e áreas reprodutoras confirmadas resultante das nosas prospeccións. O plano de distribución de grupos presentado en Xunta de Galicia (2022) proxectouse sobre

Grupo (nº orde e código)	2021				2022			
	Km PI	Esforzo TVF	EE (+)	EO (+)	Km PI	Esforzo TVF	EE (+)	EO (+)
1 AL	8	--	--	--	0	--	--	--
2 AP-TR	16	--	--	--	0	--	--	--
3 ME	32	12	--	--	46	--	8	11
4 AS	42	11	--	--	42	--	3	7
5 BU	24	62	--	--	46	--	12	15
6 CAB-BU	14	--	--	--	16	--	--	--
7 CAP	178	888	--	12 (4)	186	240	3	16 (3)
8 CAR/VI	78	--	--	--	72	--	5 (1)	7 (1)
9 CEL	19	--	--	--	21	64	--	--
10 CN	9	--	--	--	12	--	3	--
11 COR	54	38	--	--	64	54	2	3
12 CX	36	22	--	--	66	--	8 (1)	5 (1)
13 FG	42	--	--	--	26	--	7	3
14 MF	36	18	5	--	24	94	5	1
15 MS	54	18	5	--	45	--	5 (1)	2 (1)
16 PV	48	145	--	5 (2)	65	138	--	8 (1)
17 TX	46	30	--	5	23	--	4	2
18 VAC	132	57	--	--	77	--	4 (1)	--
19 GN	68	133	5 (2)	2	41	--	5 (2)	2 (1)
20 XN	96	89	4 (1)	10	73	--	7 (1)	10 (1)
21 XS	49	30	6	5	44	157	6	3
22 RIB	--	--	--	--	0	--	--	--
23 FE	--	9	--	--	0	--	--	--
24 FA	126	64	8	3	115	16	3	2
25 RB-G	118	59	6	2	148	28	4 (1)	1
Total	1325	1685	39 (3)	44 (6)	1252	791	94 (8)	98 (9)
Distribución mostraxe	$\bar{x}=53$ $s=45,61$				$\bar{x}=50,08$ $s=41,91$			

PI procura de indicios TVF trámpeo video-fotográfico (nº cámaras-noite) EE estacións escoita EO estacións observación (+) estacións con detección de exemplares, cachorros no caso das EE

Táboa 1.- Esforzo de mostraxe nas diferentes unidades familiares localizadas en 2021 e 2022

Table 1.- Sampling effort on the different located packs in 2021-2022 (PI: Search for tracks and signs TVF: Camera trapping (number of cameras-night) EE: wolf howling EO: Observation Points (+) Points with detection of specimens, pups in the case of EE)

ortofotografía, de maneira que o solapamento e coincidencia de liña de costa e límites autonómicos fose o maior posíbel, facilitando a superposición dos límites de cada “Área de Manada Potencial - AMP” e grupo reprodutor sobre referentes xeográficos concretos. As diverxencias identificadas entre as dúas fontes de información son plasmadas graficamente e apórtanse os datos obxectivos que sosteñen as nosas apreciacións de existencia de grupos reprodutores nas zonas onde o censo oficial non detectou confirmación de reprodución ou incluso de presenza de grupo, dando un extenso territorio como pertencente a un único grupo reprodutor, cando segundo as nosas informacións existirían dous ou incluso ata tres grupos nalgún dos casos de diverxencia detectados.

Para o cálculo da subestima no número de grupos presentes e de grupos reprodutores confirmados na nosa área de estudio foron cuantificados os grupos detectados no censo oficial e os rexistrados neste traballo, comparando os valores resultantes cos obtidos por Alonso et al. (2021).

### Representación gráfica

Para a actualización da estima de efectivos, a súa comparación coa abordada en 2019-2020 e a corrección

dos resultados desta última en base a informacións obtidas posteriormente, optouse pola mesma representación gráfica das unidades familiares por medio de puntos aos que se lle superpoñen “buffers” de 5 km de radio ( $78.5 \text{ km}^2$ ). Para a comparativa cos resultados do censo oficial de 2021-2022, superpoñíense estes “buffers” sobre os deseños de AMP elaborados en Xunta de Galicia (2022).

## Resultados

### Grupos reproductores

Os resultados obtidos en 2021-2022 reflíctense na táboa 2, na que se detallan as evidencias que confirmán reprodución. O número de grupos de existencia confirmada foi de 23 en 2021 e de 22 en 2022 e o número de grupos con reproducción confirmada foi de 16 en 2021 e 14 en 2022 (69.5 e 63.6 %, respectivamente, sobre o total de grupos localizados; 18 grupos considerando reproducción nalgún dos dous anos de mostraxe, 78.2%). Na táboa 3 especificábase a información concreta que avala para cada grupo familiar a categoría de Cría Probábel ou Cría Confirmada.

**Eivas físicas (ED1-ED5)**

- ED1: Deformidade antero-braquial (DAB, posible osteocondrodisplasia)  
 ED2: Coxeira: lesións nas extremidades ou articulacións apendiculares que provocan coxeiras patentes ao se desprazar o animal  
 ED3: Rotura de cartílago auricular (orella caída)  
 ED4: Cauda curta ou deforme  
 ED5: Ausencia de reflexo ocular (tapetum lucidum)

**Peladas (ED6-ED8)**

- A definición das clases de afección por sarna ven determinada pola porcentaxe de superficie do corpo que presenta perda de pelaxe (ver Cross et al. 2016):  
 ED6: Clase 1. Peladas extensas que afectan máis dun 50% do corpo, principalmente en dorso e costados  
 ED7: Clase 2. Peladas que afectan unha extensión media, comprendida entre o 6 e o 50% do corpo  
 ED8: Clase 3. Peladas localizadas e de pouca extensión ou animal recuperando pelaxe (perda de pelo inferior ao 6% da superficie corporal).

**Pelaxe da cauda (ED9-ED12)**

- ED9: Bandeira  
 ED10: Plumón espeso  
 ED11: Engrosada na base (cónica)  
 ED12: Pelada

**Faneróptica (ED13-ED16)**

- ED13: Deseño facial: bridas, mancha masetera, máscara en belfos  
 ED14-ED16: Liñas escuras das extremidades anteriores  
 ED14: Extensas: as manchas van desde o antebrazo ata o carpo ou metacarpio e dedos  
 ED15: Normais: as manchas localízanse no antebrazo e son aparentes  
 ED16: Vestixiais: as manchas son moi reducidas e pouco aparentes

**Tamaño e forma (ED17-ED20)**

- ED17: De patas curtas (enanismo): xeralmente asociado con DAB e/ou osteocondrodisplasia  
 ED18: Peito ancho, animal compacto e menos grande  
 ED19: Animal estilizado  
 ED20: DAB (Deformidade Antero-Braquial)

**Cadro 1.-** Elementos diferenciadores. Listado de trazos físicos con potencial uso para a diferenciación individual na análise de material videofotográfico

**List 1.-** Elements for differentiation. List of physical traits with potential use for individual differentiation in the analysis of video-photographic material

**Coincidencia e continuidade coa anterior estima**  
 (Alonso et al. 2021)

Na táboa 4 preséntanse conxuntamente os resultados da estima demográfica abordada en 2019-20 (Alonso et al 2021) e a presente de 2021-2022. Considerando para cada unha das dúas estimas o número de grupos familiares con confirmación de reproducción como mínimo nun dos dous anos de cada período de seguimento, os valores de referencia serían de 16 grupos en 2019-20 e de 18 grupos en 2021-22. Considerando conxuntamente cada un dos anos de seguimento (2019 a 2022), a evolución do número de grupos familiares nos que se confirmou reproducción sería de 14, 14, 16 e 14. Considerando as dúas categorías de reproducción, cría confirmada (CC) e cría probábel (CP), a evolución do número de grupos reproductores ou potencialmente reproductores sería, para os catro anos de seguimento, de 21, 21, 23 e 22 (para os catro anos de seguimento,  $\bar{x} = 21.75$ ;  $s = 0.957$ ).

**Comparativa co censo oficial**


Na figura 6 reproducése a distribución das denominadas “áreas con manadas potenciales” nas que foi posibel confirmar reproducción no censo oficial de 2021-22, que se inclúe no resumo de resultados que fixo públicos a Xunta de Galicia en xaneiro de 2023. A liña vermella delimita a nosa área de estudio e, dentro dela, numeráronse as distintas AMP localizadas polo equipo do censo oficial. Na figura 7 superponse a totalidade dos grupos familiares e áreas de presenza da especie localizados por nós no mesmo período de estudio 2021-22.

Da comparación de ambas figuras pódese concluír que existe un mínimo de seis “áreas de mandas potenciais” confirmadas polo censo oficial na área de estudio nas que se terían producido subestimas do número real de unidades ou grupos familiares de lobos: AMP’s nº 2, 3, 6, 7, 9 e 12. A táboa 5 recolle as diverxencias encontradas entre a nosa estima e o censo oficial. As táboas 6 a 11 detallan as

evidencias de reproducción ou existencia de cada unha das unidades familiares localizadas por nós nas AMP's citadas. Algunha das AMP alberga, realmente, ata tres ou catro grupos familiares. Nas figuras 8 a 10 represéntanse superpostos sobre as AMP 2, 3, 6 e 7 os grupos familiares localizados neste traballo que diverxen dos resultados do censo oficial. As liñas que definen as distancias entre zonas de cría están desprazadas para dificultar a localización destas últimas. Cabe destacar que o presente traballo

possibilitou a acumulación de nova información relativa ao grupo Gañidoira, o que permitiu diferenciar unha nova zona de cría e un novo grupo familiar para o ano 2019 (Vilachá), que en Alonso et al. (2021) se atribuía á unidade Gañidoira, pois naquela altura se carecía da información reprodutora que se manexa na actualidade e que confirmaría a existencia de dúas zonas de cría diferentes no período 2019-2022.


**Figura 1 - Figure 1**



**Figura 2 - Figure 2**



**Figura 3 - Figure 3**



**Figura 1.-** Fisionomía (tamaño e forma). 1. Enanismo. 2. Forma compacta, tamaño medio. 3. Forma estilizada. 4. DAB (Deformidade Antero-Braquial)



**Figure 1.-** Physiognomy (size and shape). 1. Dwarfism. 2. Compact form, medium size. 3. Stylized shape. 4. AD (Antebralial Deformity)

**Figura 2.-** Manchas nas extremidades anteriores. Sendo un trazo para o que resulta difícil obter boas imaxes que sirvan de base para a diferenciación e considerando as variacións en apariencia que pode sufrir entre a pelaxe invernal e a estival, parecen reconecérse diferencias no patrón das manchas que contribuirían, xunto con outros trazos, para o recoñecemento individual. Ademáis da maior ou menor extensión, -ata o carpo ou incluso ata os metacarpios -, parece haber variacións individuais na forma, especialmente do borde inferior das manchas

**Figure 2.-** Spots on the forelimbs. Despite being a trait for which it is difficult to obtain good images as a basis for differentiation and considering the variations in appearance that it may undergo between winter and summer coats, differences in the spot pattern seem to be recognizable. These differences, along with other traits, contribute to individual identification. In addition to the greater or lesser extent -reaching the carpus or even the metacarpus- there appear to be individual variations in shape, especially at the lower edge of the spots

**Figura 3.-** Peladas. As peladas provocadas pola escabiose ou sarna varían en extensión rapidamente, polo que a diferenciación en base a este criterio ten aplicación en períodos curtos de tempo. Clase 1: peladas extensas que afectan máis dun 50% do corpo, principalmente en dorso e costas. Clase 2: peladas que afectan unha extensión media, comprendida entre o 6 e o 50% do corpo. Clase 3: peladas localizadas e de pouca extensión ou animal recuperando pelaxe (perda de pelo inferior ao 6% da superficie corporal). Para máis información, ver Cross et al. (2016)

**Figure 3.-** Hair loss. Hair losses caused by mange -scabies- vary rapidly in extent, so differentiation based on this criterion is applicable over short periods of time. Type 1: Extensive hair loss affecting more than 50% of the body, mainly on the back and sides. Type 2: Hair loss affecting a medium extent, between 6 and 50% of the body. Type 3: Localized and small extent of hair loss areas or animals recovering fur (hair loss less than 6% of the body surface). For more information, see Cross et al. (2016)


**Figura 4 - Figure 4****Figura 5 - Figure 5**

**Figura 4.-** Caudas. 1. Engrosada na base (cónica). 2. Pelada. 3. Plumón espeso. 4. Bandeira

**Figure 4.-** Tails. 1. Thickened at the base (conical). 2. Complete bald tail. 3. Thick feather duster. 4. Flag shaped

**Figura 5.-** Deseño facial (máscara, brida e mancha masetera). 1. Brida normal na inserción con máscara. 2. Brida estreita na inserción con máscara. 3. Brida ancha e mancha masetera pequena. 4. Mancha masetera apaisada. A estes caracteres sumaríase a presenza de penca escura aproximadamente xusto baixo a brida, abríndose varias posibilidades de diferenciación combinando este trazo cos restantes. O deseño facial é útil para diferenciar cachorros e xuvenís

**Figure 5.-** Facial pattern (mask, bridle, and masseter spot). 1. Normal bridle at insertion with mask. 2. Narrow bridle at insertion with mask. 3. Wide bridle and small masseter spot. 4. Horizontal masseter spot. To these traits, the presence of a dark speck just below the bridle would be added, opening various possibilities for differentiation by combining this feature with the others. Facial pattern is useful for pups and offspring individual identification



**Figura 6.-** Representación en ortofotografía das 13 "Áreas con Manada Potencial" (AMP) confirmadas por Xunta de Galicia (2022) na nosa área de estudio

**Figure 6.-** Orthophoto representation of the 13 Potential Pack Areas (AMP) confirmed in Xunta de Galicia (2022) in our study area

Nº	Código	GRUPOS	Evidencia de grupo			Evidencia de reproducción			Evidencia de grupo			Evidencia de reproducción		
			Fp	FP	Cch	Fp	FP	Cch	Fp	FP	Cch	Fp	FP	Cch
1	AI	Alfoz	?			?			?			?		
2	AP-TR	A Pontenova-Trabada												
3	ME	Medio Eume												
4	AS	As Somozas												
5	BU	Buio												
6	CB-BU	Cabaleiros-Burela	?											
7	CAP	Capelada												
8	VI	Vilalba												
9	CEL-X	Celeiro-Xove												
10	CN	Cordal de Neda												
11	COR	Coriscada												
12	CX	Caxado												
13	FG	Forgoselo												
14	MF	Monfero												
15	MS	Monseivane												
16	PV	Pena Ventosa												
17	TX	Toxiza												
18	VAC	Vacariza												
19	GÑ	Gañidoira												
20	XN	Xistral Norte												
21	XS	Xistral Sur												
22	RB	Ribadeo												
23	FE	Fragas do Eume												
24	FA	Faladoira												
25	RB-G	Riobarba-Galdo												


**Táboa 2.-** Grupos familiares rexistrados na área de estudio en 2021 e 2022 (Fp: femia preñada; FP: femia parida; Cch: cachorros)

**Table 2.-** Packs detected in the study area in 2021 and 2022 (Fp: pregnant female; FP: lactating female wolf; Cch: pups)

Nº	COD	Estatus	Información	2021		2022		Tipo Info
				Tipo Info	Estatus	Tipo Info	Estatus	
1	AL	--	--	--	--	--	--	--
2	AP-TR	CP	Indicios de presenza. Ataques recurrentes	PI-O	CP	Indicios de presenza. Ataques recurrentes	PI+O	PI+OD
3	ME	CC	Femia preñada en Abril	TVF	CC	Indicios de presenza. Ataques recurrentes. Grupo familiar en Febreiro.	PI+OD	PI+O
4	AS	CP	Grupo familiar, 6 exemplares en Abril	TVF	CP	Indicios de presenza. Ataques recurrentes	PI+EE+O	PI+O
5	BU	CC	Femia parida en Xullo	TVF	CC	Femia parida en Xullo. Cch (rastro grupo familiar + Cch) en Agosto	PI+EE+O D	PI+O
6	CAB-BU	--	--	--	--	--	--	--
7	CAP	CC	Femia parida en Xuíño. Cachorros en Setembro	TVF	CC	Femia preñada en Maio e parida en Xuíño	TVF+OD	TVF+OD
8	VI	CC	Grupo familiar. 6 ex., incluída FP e xuvénis en 06-2022	OD	CC	Grupo familiar. 6 ex.., incluída femia parida e xuvénis en 06-2022	PI+OD	PI+OD
9	CEL-X	CP	Ataques recurrentes	O	CC	Cachorros en Outubro e Novembro	TVF	TVF
10	CN	CP	Ataques recurrentes	O	CP	Ataques recurrentes	O	O
11	COR	CC	Femia preñada en Maio e parida en Xullo	TVF	CC	Grupo familiar con 3 xuvénis en 5-23	TVF	TVF
12	CX	CC	Femia preñada en Maio e parida en Xullo	TVF	CC	Consumo prop. de gr. repr.(3-8-2022, besta en Somede), Xuvénis Abril 2023.	PI+O+OD	PI+O+OD
13	FG	CC	Femia parida en Xuíño	TVF	CP	Parella Inverno 2022-23.	PI+O	PI+O
14	MF	CC	Femia parida en Xuíño	TVF	CP	Grupo familiar en Maio 2023	OD <sup>1</sup>	OD <sup>1</sup>
15	MS	CP	Indicios de presenza abundantes	PI	CC	Xuvénis en Novembro	EE+OD	EE+OD
16	PV	CC	Femia preñada en Abril	TVF	CC	Femia parida en Xuíño. Cachorros en Setembro	TVF+OD	TVF+OD
17	TX	CC	Femia parida en Xullo	TVF	CC	Cachorros en Outubro	O	O
18	VAC	CC	Femia preñada en Abril e parida en Maio	TVF	CC	Rastros de cachorros en Setembro. Xuvénis en Febreiro	PI+EE	PI+EE
19	GÑ	CC	Cachorros en Agosto	EE	CC	Femia parida en Xuíño e Cachorros en Agosto. Setembro e Outubro	EE+OD	EE+OD
20	XN	CC	Femia parida en Maio	TVF	CC	Femia parida en Xuíño	OD	OD
21	XS	CC	Cachorros en Setembro e Outubro	EE+OD	CP	Parella en Agosto en piñeiral	TVF	TVF
22	RB	CP	Ataques recurrentes	O	CP	Ataques recurrentes	O	O
23	FE	CP	Parella acompañada doutro exemplar en Xaneiro	TVF	--	--	--	--
24	FA	CC	Femia preñada en Abril e cachorros en Xullo	TVF	CP	Grupo familiar de 2021, 4 exemplares, Abril 2022	TVF	TVF
25	RB-G	CC	Cachorros en Xullo	TVF	CC	Femia parida en Xuíño, cachorros en Setembro	TVF+EE	TVF+EE

**Táboa 3.-** Evidencias de reproducción para as distintas unidades familiares no período de estudio 2021-2022. (TVF: trameo video-fotográfico; EE: estacións de escoita; OD: observación directa; PI: procura de indicios; O: Outras informacións, incluídas as proporcionadas por informantes locais. CP: cría probábel; CC: cría confirmada).<sup>1</sup> Observación directa, maio 2023

**Table 3.-** Breeding evidences for different packs during 2021-2022 study period. (TVF: camera trapping; EE: wolf howling; OD: Direct observation; PI: Search for tracks and signs; O: Other information, including that provided by local informants. CP: Probable breeding; CC: Confirmed breeding). <sup>1</sup> Direct observation, May 2023




**Figura 7-** Distribución das "Áreas con Manada Potencial" (AMP) rexistradas en 2021-22 pola Xunta de Galicia e, superpostos, grupos de existencia ou reproducción confirmada e áreas de presenza da especie detectadas no presente traballo para o mesmo período

**Figure 7.-** Distribution of proposed Potential Pack Areas (AMP) in 2021-22 by the Government of Galicia and, overlaid, packs with confirmed existence or breeding and areas of species presence detected in this study for the same period


GRUPO	2019		2020		2021		2022	
	Estatus	Tipo info	Estatus	Tipo info	Estatus	Tipo Info	Estatus	Tipo Info
1 AL	PC	PI	PC	PI	?	--	?	--
2 AP-TR	CP	PI	PC	PI	CP	PI/O	CP	PI/O
3 ME	CC	TVF	CP	TVF	CC	TVF	CC	PI/OD
4 AS	CP	TVF	CC	TVF	CP	TVF	CP	PI/O
5 BU	CP	TVF	CC	TVF	CC	TVF	CC	PI+EE+OD
6 CB-BU	PC	PI	CP	PI	?	--	?	--
7 CAP	CC	TVF/OD	CC	TVF/OD	CC	TVF	CC	TVF/OD
8 CAR/VI	CP	TVF	CP	TVF	CC	TVF	CC	PI/OD
9 CEL-X	CP	O	CP	O	CP	TVF	CC	TVF
10 CN	CP	PI	CP	PI	CP	O	CP	O
11 COR*	CP	TVF	CC	TVF	CC	TVF	CC	TVF
12 CX	CC	TVF	CC	TVF	CC	TVF	CC	PI/O/OD
13 FG	CC	TVF	CC	TVF	CC	TVF	CP	PI/O
14 MF	CC	TVF/EE	CC	TVF	CC	TVF	CP	OD
15 MS	CC	TVF	CC	TVF	CP	PI	CC	EE/OD
16 PV	CC	TVF	CP	TVF	CC	TVF	CC	TVF/OD
17 TX	CC	TVF/EE	CC	TVF	CC	TVF	CC	O
18 VAC	CC	TVF	CC	TVF	CC	TVF	CC	PI/EE
19 GÑ	CC	TVF/O	CC	TVF	CC	EE	CC	EE/OD
20 XN	CC	TVF/EE	CC	TVF/EE	CC	TVF	CC	OD
21 XS	CC	TVF/OD	CC	TVF	CC	EE-OD	CP	TVF
22 RB	PC	O	PC	O	CP	O	CP	O
23 FE	PC	TVF/O	CP	O	CP	TVF	---	---
24 FA*	CC	TVF	CC	TVF	CC	TVF	CP	TVF
25 RB-G	--	--	--	--	CC	TVF	CC	TVF/EE
26 VIL**	CC	TVF/O	--	--	--	--	--	--
Total CC (CC+CP)	14 (21)		14 (21)		2019-20=17	16 (23)	14 (22)	2021-22=18

**Táboa 4.-** Relación de grupos ou áreas ocupadas. Información sobre reproducción acadada e fonte de información. CC Cría confirmada; CP Cría probable; PC Presenza confirmada. TIPO INFO: PI procura de indicios (pegadas e dexterros); O Outras informacións; TVF tramofo videofotográfico; OD observación directa; EE estacións de escoita (\* en Alonso et al, 2021, CC was mistakenly attributed to the COR pack, when it should have been, as later confirmed, for the FA pack; \*\* Vilachá pack: criador en 2019, the year in which these wolves were considered to form the Gañidoira pack; later, the breeding area of this Gañidoira pack was located for 2019, being different from that of those wolves from Vilachá; with no subsequent record of its existence, two pups were recorded in 2019, and one pup was found dead hit by a car)


**Table 4.-** Packs/occupied areas list . Information on achieved reproduction and source of information. CC: Confirmed breeding; CP: Probable breeding; PC: Confirmed presence. INFO TYPE: PI search for evidence (tracks and signs); O Other information; TVF camera trapping; OD direct observation; EE wolf howling (\* in Alonso et al, 2021, CC was mistakenly attributed to the COR pack, when it should have been, as later confirmed, for the FA pack; \*\* Vilachá pack: breeder in 2019, the year in which these wolves were considered to form the Gañidoira pack; later, the breeding area of this Gañidoira pack was located for 2019, being different from that of those wolves from Vilachá; with no subsequent record of its existence, two pups were recorded in 2019, and one pup was found dead hit by a car)



**Figura 8-** Grupos familiares e distancias entre as zonas de cría na AMP 2 e 3  
**Figure 8.-** Packs and distances between breeding sites in AMP 2 and 3



**Figura 9-** Grupos familiares e distancia entre as zonas de cría na AMP 6  
**Figure 9.-** Packs and distances between breeding sites in AMP 6



**Figura 10-** Grupos familiares e distancias entre as zonas de cría na AMP 7  
**Figure 10.-** Packs and distances between breeding sites in AMP 7

AMP Xunta 2022		GRUPOS EXISTENTES	
2	Faladoira	Coriscada	
3	Riobarba-Galdo	Pena Ventosa	
6	Caxado	Vacariza	As Somozas
7	Gañidoira	Xistral N	Xistral S
9	Forgoselo	Fragas do Eume	Monfero Medio Eume
12	Cordal de Neda	A Pontenova-Trabada	Ribadeo

**Táboa 5.-** Grupos detectados total ou parcialmente en seis territorios atribuídos a outras tantas "áreas de manda potencial" (AMP) (Xunta de Galicia, 2022). Os grupos detectados neste estudio teñen parte dos seus territorios de cría dentro das áreas nas que o censo oficial rexistrhou a presenza dun só grupo

**Table 5.-** Packs located wholly or partially in six territories attributed to as many 'potential pack areas' (AMP) (Xunta de Galicia, 2022). The packs detected in our study have part of their breeding territories within the areas where the official census determined the existence of only one pack

Nº	COD	Nome	Reproducción. Información acadada	Detalle Información
24	FA	Faladoira	CC 2019-2020-2021 / CP 2022	Xuv. 11-19; Xuv. 11-20; Cach. 07-21; grupo fam. (3 ex) 05-22.
11	COR	Coriscada	CP 2019 / CC 2020-2021-2022	Indicios e ataques recurr. 2019; Cach. 07-20; FP 07-21; grupo xuvenís 05-23

**Táboa 6.-** Grupos existentes no territorio delimitado no censo oficial e numerado por nós como AMP nº 2 (FP: femia parida)

**Table 6.-** Located packs in the territory defined in the official census and numbered by us as Potential Pack Area (AMP) No. 2 (FP: lactating female)

Nº	COD	Nome	Reproducción. Información acadada	Detalle Información
25	RB-G	Riobarba-Galdo	CC 2021-2022	Cachorros 07-21/09-22
16	PV	Pena Ventosa	CC 2019-2020-2021-2022	Xuv. 12-19; Cach. 09-20; Fp 04-21; Cach. 09-22

**Táboa 7.-** Grupos existentes no territorio delimitado no censo oficial e numerado por nós como AMP nº 3. (Fp: femia preñada)

**Table 7.-** Located packs in the territory defined in the official census and numbered by us as Potential Pack Area (AMP) No. 3 (Fp: pregnant female)

Nº	COD	Nome	Reproducción. Información acadada	Detalle Información
4	AS	As Somozas	CP 2021-2022	Grupo familiar 6 ex. 04-21; indicios e ataques 2022
12	CX	Caxado	CC 2019-2020-2021/CP 2022	FP 05-19; Cch 07-19; FP 06-20; Cch 08-20; Fp 05-21; FP 07-21; ataques propios de grupo familiar en 2022
8	VAC	Vacariza	CC 2019-2020-2021-2022	Cachorros 10-19; FP 07-20; FP 05-21; Cach. 09-22; Xuvénis 02-23

**Táboa 8.-** Grupos existentes no territorio delimitado no censo oficial e numerado por nós como AMP 6 (FP: femia parida; Fp. femia preñada)

**Table 8.-** Located packs in the territory defined in the official census and numbered by us as Potential Pack Area (AMP) No. 6 (FP: lactating female; Fp: pregnant female)

Nº	COD	Nome	Reproducción. Información acadada	Detalle Información
19	GÑ	Gañidoira	CC 2019-2020-2021-2022	Xuv. 04-20; Cach. 08-20/08-21/08-22
20	XN	Xistral Norte	CC 2019-2020-2021-2022	Cach. 09-19/09-20; FP 06-21/06-22
21	XS	Xistral Sur	CC 2019-2020-2021/CP 2022	FP 08-19; Xuv. 11 -20; Cach. 09-21; parella 06-22

**Táboa 9.-** Grupos existentes no territorio delimitado no censo oficial e numerado por nós como AMP nº 7 (FP: femia parida)

**Table 9.-** Located packs in the territory defined in the official census and numbered by us as Potential Pack Area (AMP) No. 6 (FP: lactating female)

Nº	COD	Nome	Reproducción. Información acadada	Detalle Información
3	ME	Medio Eume	CC 2019-2021-2022	FP 07-19; Fp 04-21; Xuv. 06-23
13	FG	Forgoselo	CC 2019-2020-2021/CP 2022	FP 05-19; FP 06-20; FP 06-21; 2 ad. repr. 2022-23
14	MF	Monfero	CC 2019-2020-2021/CP 2022	FP 05-2019; FP 07-2020; FP 06-2021; grupo fam. 06-23
23	FE	Fragas do Eume	PC 2019/ CP 2020-2021	Indic. pres. 2019; xuv. 12-20; Parella repr. + AD 01-21. Parella repr. 06-21.

**Táboa 10.-** Grupos existentes no territorio delimitado no censo oficial e numerado por nós como AMP nº 9 (FP: femia parida; Fp: femia preñada)

**Table 10.-** Located packs in the territory defined in the official census and numbered by us as Potential Pack Area (AMP) No. 9 (FP: lactating female; Fp: pregnant female)

Nº	COD	Nome	Reproducción. Información acadada	Detalle Información
2	AP-TR	A Pontenova-Trabada	CP 2019-2021-2022/PC 2020	Procura de indicios
10	CN	Cordal de Neda	CP 2019-2020-2021-2022	Danos recorrentes
22	RB	Ribadeo	PC 2019/CP 2020-2021-2022	Danos recorrentes

**Táboa 11.-** Grupos existentes no territorio delimitado no censo oficial e numerado por nós como AMP nº 12

**Table 11.-** Located packs in the territory defined in the official census and numbered by us as Potential Pack Area (AMP) No. 12

A táboa 12 resume as informacións colectadas sobre distancias mínimas entre lugares de cría coñecidos (as áreas de cría son tomadas como as superficies nas que nacen os cachorros e desenvolven os seus primeiros 3-4 meses de vida, entre maio e agosto, sendo a distancia mínima aquela que expresa a mínima separación entre esas superficies de dúas zonas de cría contiguas).

## Conclusións

Os datos que se presentan neste traballo reforzan a estima previa abordada os anos 2019 e 2020, pois confirmán a existencia de máis dun 95% dos grupos detectados naquel censo (23 dos 24 grupos de existencia confirmada rexistrados en 2019-2020, o que representa un 95.8%, foron detectados en 2021-2022).

A diverxencia destas informacións a respecto dos resultados obtidos no censo oficial da Xunta de Galicia resultan evidentes. Os nosos datos confirmán a existencia

na área de estudio de 23 grupos familiares, 18 deles con confirmación de reproducción, por 13 o censo oficial. Isto significa que, en relación a grupos familiares nos que se confirmou reproducción, o censo oficial subestimou nun 27.7 % o número real de grupos existentes. Se se toma en consideración o número de grupos con evidencia de reproducción (cría confirmada e cría probábel), dita subestima sería dun 43.4 %.

Unha explicación plausible destas diferencias podería inferirse a partir das observacións de Sidorovich & Rotenko (2019). Estes autores encontraron que a reproducción de máis dunha femia nun mesmo grupo familiar non era un patrón esporádico nalgúns árees de Bielorrusia. Con todo, no norte de Galicia, non descartando a hipótese de que poida puntualmente acontecer a existencia de dúas femias reprodutoras nun mesmo grupo criando en localizacións próximas, nos casos onde se alcanzaron os menores valores de distancias mínimas (grupos Pena Ventosa/Gañidoira e Gañidoira/Vilachá), estas nunca foron

Grupo	Grupo	Anos	D
Faladoira	Coriscada	2021	6.1
Riobarba-Galdo	Pena Ventosa	2021-22	7.6
Pena Ventosa	Gañidoira	2019-20-21-22	5.4
Gañidoira	Vacariza	2021-22	10.4
Gañidoira	Vilachá	2020	5.4
Vacariza	Caxado	2020-21	9.2
Caxado	Faladoira	2021	8.2
Xistral N	Xistral S	2020-21	8.5

**Táboa 12.-** Distancias (km) estimadas entre zonas de cría de grupos próximos detectadas neste estudio. 2021-22

**Table 12.-** Estimated distances (km) between breeding areas of nearby packs detected in this study. 2021-22

inferiores aos 5 km (Sidorovich & Rotenko 2019 aportan información sobre 19 grupos con dúas ou más femias reproductoras, establecendo na mayoría dos casos distancias inferiores a 3 km entre os tobos de parto). Mais o dato más relevante é que neses grupos con zonas de cría próximas,

os machos dominantes, supuestamente os reproductores, serían diferentes, o que reforza a segregación en unidades familiares distintas. Acompáñanse fotografías dos machos potencialmente reproductores de varios grupos familiares (Figuras 11 a 16).



**Figura 11.-** Macho que foi dominante do grupo Gañidoira ata Xullo 2022  
**Figure 11.-** Male that was the dominant individual of the Gañidoira pack until July 2022



**Figura 12.-** Novo macho dominante do grupo Gañidoira desde Agosto 2022  
**Figure 12.-** New dominant male of the Gañidoira pack since August 2022



**Figura 13.-** Macho dominante do grupo Pena Ventosa en 2021  
**Figure 13.-** Dominant male of the Pena Ventosa pack in 2021



**Figura 14.-** Macho dominante, femia reprodutora e cachorros do grupo Vilachá en Maio e Setembro de 2020  
**Figure 14.-** Dominant male, breeding female and pups of the Vilachá pack in May and September 2020



**Figura 15.-** Macho dominante do grupo Riobarba-Galdo en 2021  
**Figure 15.-** Dominant male of the Riobarba-Galdo pack in 2021



**Figura 16.-** Macho dominante do grupo Vacariza  
**Figure 16.-** Dominant male of the Vacariza pack

A coincidencia e continuidade que mostran as estimativas de 2019-2020 e de 2021-2022 suxiren de inmediato a falta de precisión do censo oficial. A existencia dunha subestima obxectiva no número de grupos en zonas de alta densidade (N de Galicia), que alcanzaría máis dun 40% dos grupos existentes, podería estar a darse noutras áreas con densidades menores (NE da provincia de Pontevedra e NO e SE da de Ourense). Os factores que, ao noso entender, poderían explicar estas diverxencias residen fundamentalmente en aspectos metodolóxicos que se expoñen a continuación.

